

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 17 de xuño de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Na sesión do Pleno do 31 de maio de 2024, acordouse que as sesións das comisións informativas do mes de xuño tivesen lugar o luns, 17 de xuño de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de xuño de 2024**, ás 17:10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/34B/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de maio de 2024.

2. 20249524F PRESIDENCIA

Dación de conta do acordo da XG de expropiación forzosa para a execución das obras de “ensanche e mellora da estrada OU-0552 Sobral (OU-150). Ribela (OU-0504)”, ppqq 1+855 -2+880, 21prx0021, no termo municipal de Coles.

3. 2024/7971J PRESIDENCIA

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Arnoia para o financiamento e execución das obras de “campo de fútbol na Arnoia”.

4. 2024/7975V PRESIDENCIA

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Amoeiro para o financiamento e execución das obras de "instalación de céspede artificial no campo de fútbol da Penafita".

5. 2024/7977L PRESIDENCIA

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Cartelle para o financiamento e execución das obras de "campo de fútbol de Cartelle".

6. 2024/8007A PRESIDENCIA

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Lobios para o financiamento e execución das obras de “instalación de céspede artificial no campo de fútbol de Lobios.

7. 2024/7974Q PRESIDENCIA

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Pobra de Trives para o financiamento e execución das obras de "reforma do campo de fútbol O Agro”.

8. 2024/7979K PRESIDENCIA

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Toén para o financiamento e execución das obras de "novo campo de fútbol municipal de herba artificial".

9. 2024/9030Z PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2024.

10. 2024/6046C PRESIDENCIA

Aprobación do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran.

11. MOCIÓN DE URXENCIA.

12. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

